

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027228	María Casares	Oleiros	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CBELE11	Electricidade e electrónica	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3015	Equipamentos eléctricos e electrónicos	2022/2023	8	233	279

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	EVA MARÍA RUBIDO DOVALE
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O ciclo formativo de formación profesional básica do Título Profesional Básico en Electricidade e Electrónica, que se desenvolve no IES María Casares, sitúase no medio dun grande tecido industrial de Galicia que está composto polos polígonos industriais da Coruña e a mancomunidade de municipios (Polígono do Espírito Santo, industrial de Oleiros, Culleredo, Alvedro, Cambre, Pocomaco e Grela, Sabón, Bergondo, Morás..). Deste xeito estase a proporcionar un amplo campo para o exercicio profesional.

A programación que se elabora a continuación corresponde ao módulo profesional Equipamentos eléctricos e electrónicos. Nestes ciclos formativos proporciónase unha formación profesional básica e de madurez persoal, que facilita a incorporación ao mercado laboral ou á continuidade de estudos a través dos ciclos formativos de grado medio.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Ferramentas do taller de reparación.	Ferramentas máis utilizadas na reparación e mantemento de equipos eléctricos e electrónicos.	28	10
2	Cableado e conexións en equipos.	Principais tipos de cables, ferramentas para traballar con cables, terminacións de cables, soldadura blanda.	31	11
3	Magnitudes eléctricas e a súa medida.	Tipos de corrente eléctrica, circuitos eléctricos, magnitudes eléctricas básicas, relación entre as magnitudes eléctricas básicas.	32	12
4	Elementos de conmutación e proteccións.	Elementos de conmutación, circuitos básicos de conmutación, proteccións no interior dos equipos eléctricos e electrónicos.	31	11
5	Compoñentes electrónicos pasivos.	Compoñentes electrónicos pasivos, resistencias, condensadores, bobinas e transformadores.	31	11
6	Compoñentes electrónicos activos.	Compoñentes electrónicos activos, diodo, transistor, circuitos integrados, relé.	36	13
7	Circuitos nos equipos.	Técnicas de execución de circuitos, circuitos básicos de electrónica.	31	11
8	Motores e outros actuadores de electrodomésticos.	Motores e outros actuadores de electrodomésticos, electroválvulas e bombas, elementos de caldeo e calefacción.	31	11
9	Electrodomésticos e outros equipos.	Mantemento de electrodomésticos, circuitos de electrodomésticos, equipos informáticos.	28	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Ferramentas do taller de reparación.	28

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica o material, as ferramentas e o equipamento necesarios para a montaxe e a ensamblaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos, e describe as súas principais características e a súa funcionalidade	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Identifícanse e clasifícanse as ferramentas (aparafusador eléctrico, aparafusadores planos e de estrela, chaves, etc.) normalmente empregadas na ensamblaxe dun equipamento eléctrico ou electrónico en función da súa aplicación e idoneidade
CA1.5 Identifícanse e clasifícanse os medios e os equipamentos de seguridade persoal (luvas de protección, lentes, máscara, etc.), en función da súa aplicación e tendo en conta as ferramentas que se vaian utilizar
CA1.7 Identifícanse as ferramentas para a ensamblaxe de equipos eléctricos e electrónicos

4.1.e) Contidos

Contidos
Tipos de equipamentos: máquinas ferramenta, electrodomésticos, equipamentos informáticos, de audio, de vídeo e de comunicacións, e equipamentos industriais
Ferramentas manuais e máquinas ferramenta.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Cableado e conexións en equipos.	31

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica o material, as ferramentas e o equipamento necesarios para a montaxe e a ensamblaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos, e describe as súas principais características e a súa funcionalidade	NO
RA3 - Monta e desmonta elementos de equipamentos eléctricos ou electrónicos, interpretando esquemas e guías de montaxe, nas condicións de calidade e seguridade establecidas	NO
RA4 - Conecta elementos en equipamentos eléctricos ou electrónicos aplicando técnicas básicas, e verifica a continuidade nas condicións de calidade e seguridade establecidas	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Identifícaronse e clasifícaronse os tipos de terminais e conectores máis utilizados en equipamentos eléctricos ou electrónicos
CA1.3 Identifícaronse e clasifícaronse as ancoraxes e as suxeicións tipo (parafusos, clips, pestanas, etc.) dun equipamento eléctrico ou electrónico, en función da súa aplicación, da rixidez e da estabilidade
CA1.6 Identifícaronse os materiais para a montaxe de equipos eléctricos e electrónicos
CA1.7 Identifícaronse as ferramentas para a ensamblaxe de equipos eléctricos e electrónicos
CA3.2 Seleccionáronse as ferramentas indicadas nos esquemas e nas guías de montaxe
CA4.3 Seleccionouse o tipo de conector e o cableamento apropiado para cada elemento
CA4.4 Dispuxéronse e colocáronse as pezas do conector e os cables
CA4.6 Acondicionáronse os cables (pelar, estirar e ordenar) seguindo procedementos
CA4.7 Inseríronse as pezas do conector na orde correcta e uníronse os cables (soldar, crimpar, embornar, etc.) da forma establecida no procedemento
CA4.8 Realizouse a conexión (soldadura, embornado e conector) segundo o procedemento establecido (posición de elementos, inserción do elemento, manobra de fixación, etc.)
CA4.11 Dispuxéronse e colocáronse as etiquetas nos cables, segundo o procedemento establecido

4.2.e) Contidos

Contidos
Conectores: características e tipoloxía.
Cables: características e tipoloxía. Normalización.
Fibra óptica: aplicacións máis usuais; tipoloxía e características.
Materiais auxiliares. Elementos de ensamblaxe e suxeición: función, tipoloxía e características.
Ferramentas manuais: tipoloxía e características. Estación de soldadura, confomadora e ferramenta de manipulación de compoñentes de montaxe superficial (SMD).
Fixamento de terminais mediante soldadura branda
Técnicas de conexión: características e aplicacións.

Contidos

Soldadura, embornado e fixación de conectores.

Conexión de terminais desmontables (CA 4.7)

Ferramentas manuais e máquinas ferramenta: crimpadora, tenaces, pelacables, soldador, etc.

Para a manipulación de cables

Para a manipulación de terminais

Operacións de etiquetaxe e control.

Elementos de fixación: bridas, pechamentos de torsión, elementos pasacables, etc.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Magnitudes eléctricas e a súa medida.	32

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica o material, as ferramentas e o equipamento necesarios para a montaxe e a ensamblaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos, e describe as súas principais características e a súa funcionalidade	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse e clasifícanse os elementos e os compoñentes tipo dun equipamento eléctrico ou electrónico, en función da súa aplicación e da súa situación

4.3.e) Contidos

Contidos
Corrente alterna e continua. Magnitudes eléctricas. Relación entre magnitudes. Instrumentos de medida (polímetro, wattímetro, osciloscopio, etc.).
Circuitos eléctricos básicos (elementos pasivos e activos, proteccións, etc.).

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elementos de conmutación e protección.	31

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Conecta elementos en equipamentos eléctricos ou electrónicos aplicando técnicas básicas, e verifica a continuidade nas condicións de calidade e seguridade establecidas	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Seleccionáronse os esquemas e as guías de montaxe indicados para un modelo determinado de conexión
CA4.2 Seleccionáronse as ferramentas indicadas nos esquemas e nas guías de conexión
CA4.5 Dispuxéronse e colocáronse as proteccións persoais e dos elementos
CA4.9 Verificouse a correcta conexión dos elementos que conforman o equipamento
CA4.10 Cumpíronse as medidas de seguridade na utilización de equipamentos e ferramentas
CA4.12 Tratáronse os residuos xerados de acordo coa normativa ambiental
CA4.13 Realizáronse os traballos con orde, limpeza e calidade, respectando as normas de seguridade
CA4.14 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica

4.4.e) Contidos

Contidos
Equipamentos de protección e seguridade.
Prevenção de riscos, saúde laboral e protección ambiental.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Compoñentes electrónicos pasivos.	31

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina a secuencia das operacións de montaxe e desmontaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos, interpretando esquemas e identificando os pasos	NO
RA3 - Monta e desmonta elementos de equipamentos eléctricos ou electrónicos, interpretando esquemas e guías de montaxe, nas condicións de calidade e seguridade establecidas	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Recoñeceuse a simboloxía de representación gráfica dos elementos e dos compoñentes dos equipamentos eléctricos e electrónicos
CA2.1.1 Recoñeceuse a simboloxía de representación gráfica dos elementos e compoñentes pasivos dos equipamentos eléctricos e electrónicos.
CA3.10 Elaborouse un informe que recolla as actividades desenvolvidas e os resultados obtidos

4.5.e) Contidos

Contidos
Identificación de compoñentes comerciais. Catálogos. Identificación dos compoñentes pasivos nos catálogos comerciais.
Compoñentes electrónicos: tipos, características e funcións básicas. Compoñentes electrónicos pasivos, tipos características e funcións
Técnicas de montaxe e inserción de compoñentes electrónicos.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Compoñentes electrónicos activos.	36

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina a secuencia das operacións de montaxe e desmontaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos, interpretando esquemas e identificando os pasos	NO
RA3 - Monta e desmonta elementos de equipamentos eléctricos ou electrónicos, interpretando esquemas e guías de montaxe, nas condicións de calidade e seguridade establecidas	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Recoñeceuse a simboloxía de representación gráfica dos elementos e dos compoñentes dos equipamentos eléctricos e electrónicos
CA2.1.2 Recoñeceuse a simboloxía de representación gráfica dos elementos e compoñentes activos dos equipamentos eléctricos e electrónicos.
CA3.1 Selecciónanse os esquemas e as guías de montaxe indicados para un modelo determinado
CA3.10 Elaborouse un informe que recolla as actividades desenvolvidas e os resultados obtidos

4.6.e) Contidos

Contidos
Identificación de compoñentes comerciais. Catálogos. Identificación dos compoñentes activos nos catálogos comerciais.
Compoñentes electrónicos: tipos, características e funcións básicas. Compoñentes electrónicos activos, tipos características e funcións
Técnicas de montaxe e inserción de compoñentes electrónicos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Circuitos nos equipos.	31

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina a secuencia das operacións de montaxe e desmontaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos, interpretando esquemas e identificando os pasos	NO
RA3 - Monta e desmonta elementos de equipamentos eléctricos ou electrónicos, interpretando esquemas e guías de montaxe, nas condicións de calidade e seguridade establecidas	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.2 Interpretouse o procedemento e a secuencia de montaxe e conexión, a partir de esquemas ou guías de montaxe
CA2.3 Identificouse cada elemento representado no esquema co elemento real
CA2.4 Identificouse o procedemento e a secuencia de montaxe e conexión dos elementos (inserción de tarxetas, fixación de elementos, etc.)
CA2.5 Definiuse o proceso e a secuencia de montaxe e conexión a partir do esquema ou da guía de montaxe
CA3.7 Aplicáronse técnicas de montaxe de compoñentes e conectores electrónicos en placas de circuíto impreso

4.7.e) Contidos

Contidos
Simbología eléctrica e electrónica: normalización.
0 Interpretación de ordes de traballo.
Elaboración de informes
Prevención de riscos, saúde laboral e protección ambiental.
Riscos na manipulación de sistemas e instalacións.
Interpretación de planos e esquemas.
Identificación de conectores e cables comerciais. Catálogos.
Interpretación de esquemas e guías de montaxe e desmontaxe.
Interpretación de esquemas e guías de conexión.
Caracterización das operacións.
Secuencia de operacións.
Selección de ferramentas e equipamentos. Tipoloxía das ferramentas.
Técnicas de soldadura branda: aplicacións máis habituais. Precaucións para ter en conta.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Motores e outros actuadores de electrodomésticos.	31

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Monta e desmonta elementos de equipamentos eléctricos ou electrónicos, interpretando esquemas e guías de montaxe, nas condicións de calidade e seguridade establecidas	NO
RA5 - Realiza o mantemento básico de equipamentos eléctricos e electrónicos, aplicando as técnicas establecidas en condicións de calidade e seguridade	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Selecionáronse as ferramentas indicadas nos esquemas e nas guías de montaxe
CA3.3 Preparáronse os elementos e os materiais que se vaian utilizar, seguindo procedementos normalizados
CA3.4 Identificouse a localización dos elementos no equipamento
CA3.5 Ensambláronse os compoñentes seguindo procedementos normalizados, aplicando as normas de seguridade destes
CA3.6 Fixáronse os compoñentes cos elementos de suxeición indicados nos esquemas ou nas guías de montaxe, aplicando o par de aperto ou presión establecidos
CA3.9 Cumpríronse os requisitos de seguridade establecidos
CA3.12 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA5.3 Identificáronse os elementos para substituír, así como as súas características e a súa funcionalidade
CA5.4 Aproxionáronse os elementos de substitución
CA5.6 Abriuse o equipamento desmontando a carcasa e as proteccións, e desmontáronse os elementos que cumpra substituír, empregando as técnicas e as ferramentas apropiadas, segundo os requisitos de cada intervención
CA5.7 Montáronse os elementos de substitución empregando as técnicas e as ferramentas apropiadas, segundo os requisitos de cada intervención

4.8.e) Contidos

Contidos
Equipamentos de protección e seguridade.
Prevención de riscos, saúde laboral e protección ambiental.
Montaxe de elementos accesorios.
Técnicas de substitución de elementos e compoñentes de equipamentos eléctricos e electrónicos.
Esquemas e guías.
Ancoraxes e suxeicións: tipos e características.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Electrodomésticos e outros equipos.	28

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Monta e desmonta elementos de equipamentos eléctricos ou electrónicos, interpretando esquemas e guías de montaxe, nas condicións de calidade e seguridade establecidas	NO
RA5 - Realiza o mantemento básico de equipamentos eléctricos e electrónicos, aplicando as técnicas establecidas en condicións de calidade e seguridade	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.3 Preparáronse os elementos e os materiais que se vaian utilizar, seguindo procedementos normalizados
CA3.4 Identificouse a localización dos elementos no equipamento
CA3.8 Aplicáronse técnicas de desmontaxe de equipamentos eléctricos ou electrónicos
CA3.11 Realizáronse os traballos con orde, limpeza e calidade, respectando as normas de seguridade e protección ambiental
CA5.1 Selecciónáronse os esquemas e as guías indicados para un modelo determinado
CA5.2 Selecciónáronse as ferramentas segundo as operacións que haxa que realizar
CA5.5 Selecciónáronse as ferramentas necesarias para as operacións que se vaian realizar
CA5.8 Verificouse o funcionamento correcto do equipamento eléctrico ou electrónico logo de finalizado o proceso, coas proteccións habilitadas e a carcasa novamente montada
CA5.9 Elaborouse un informe coas operacións realizadas nun documento co formato establecido
CA5.10 Realizáronse os traballos con orde, limpeza e calidade, respectando as normas de seguridade
CA5.11 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica

4.9.e) Contidos

Contidos
Utilización de ferramentas manuais e máquinas ferramenta. Seguridade no manexo de ferramentas e máquinas.
Técnicas de montaxe e ensamblaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos.
Operacións de etiquetaxe e control.
Aprovisionamento de elementos.
Características eléctricas dos equipamentos e/ou dos seus elementos para substituír: tensión e corrente; corrente alterna e corrente continua; resistencia eléctrica; potencia eléctrica.
Mantemento preventivo e mantemento correctivo. Operacións básicas de mantemento preventivo. Vida útil.
Plans de emerxencia.
Actuación en caso de accidente.



Contidos

Elaboración de informes. Partes de avarías. Histórico de avarías e partes de traballo.

Prevenición de riscos, saúde laboral e protección ambiental. Tratamento dos residuos xerados. Separación e reciclaxe.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixidos son tódolos indicados no currículo do ciclo.

Os criterios de avaliación que figuran no currículo e nesta programación, estarán avaliados por probas escritas, probas prácticas e observación da actividade na aula.

O 60% da nota corresponderá á media aritmética das probas escritas realizadas en cada avaliación e deberá obterse como mínimo unha nota de 3 puntos en cada unha das probas escritas para poder facer a media.

O 30% da nota será a media ponderada das probas prácticas realizadas na aula-taller, as súas memorias con anotacións respectivas, e a observación da actividade na aula taller.

O 10% da nota corresponderá a valoración do esforzo persoal,, pulcritude, orde no taballo, intervencións, iniciativa, interés etc.

A cualificación do módulo será numérica, entre 1 e 10

Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos.

A nota final de xuño obterase da seguinte fórmula

Media ponderada: $NOTA\ 1^a\ AV + 2(NOTA\ 2^a\ AV) + 3(NOTA\ 3^a\ AV) / 6 = NOTA\ MEDIA\ XUÑO$

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que tivese algunha avaliación suspensa, farase unha proba de recuperación por cada avaliación suspensa. Cada proba incluírá cuestións teóricas e prácticas da materia da avaliación suspensas. Estas probas poderán ser escritas e/ou prácticas. Na parte práctica o alumnado terá que amosar que sabe facer as prácticas que se desenvolveron ó longo do curso.

Para a cualificación das actividades de recuperación aplicaranse os mesmos criterios que na cualificación das actividades ordinarias.

Para recuperar o módulo o alumno terá que recuperar todas as avaliacións.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Segundo a normativa vixente, o alumnado maior de 16 anos que teña mais do 10% de faltas de asistencia nun determinado módulo, perderá o dereito a avaliación continua, e terá que ser avaliado ó final da impartición do módulo.

O titor comunicarlle ó alumno por escrito, cando teña o 6% das faltas, unha advertencia sobre esta situación e se chega ó 10% comunicarlle a perda da avaliación continua.

Chegados a esta situación de perda do dereito á avaliación continua poderá non permitirselle ó alumno a realización das actividades prácticas sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, para o resto do grupo, ou para as instalacións.

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua, por razóns de inasistencia reiterada, e polo tanto non lle sexa posible aplicar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para o módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final dos módulos.

Dita proba extraordinaria consistirá nunha proba escrita e abranguerá tódolos conceptos teórico-prácticos do módulo. O alumnado terá que amosar que sabe facer as prácticas que se desenvolveron ó longo do curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O departamento da familia profesional de electricidade e electrónica realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo. Neste seguimento reflectirase o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. A programación será revisada ao inicio de cada curso académico tendo en conta a experiencia do curso anterior e outras circunstancias. O referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente do ciclo.

Na nosa práctica cotiá introducimos elementos capaces de enriquecer, sistematizar e avaliar o desenrolo e adecuación da programación coas seguintes ferramentas:

- Cuestionarios aos alumnos.
- Entrevistas individuais cos alumnos.
- Análise dos resultados dos alumnos á hora de avaliar a ensinanza.
- Seguimento e adaptación da temporalización da propia programación, tanto para o ano académico en curso como para anos académicos vindeiros, tendo sempre presente a correspondencia co sistema productivo en función da evolución do mercado laboral.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Á vista dos informes procedentes do ano educativo anterior (informe individualizado), do resultado da avaliación final do ano académico anterior, dos datos recollidos día a día para a elaboración do informe de avaliación individualizado de cada alumno e dos resultados da avaliación inicial, valorarase a necesidade ou non de aplicar medidas de reforzo e grao de concreción das mesmas.

Se se detectasen dificultades de tipo académico adoptaranse, entre outras, as seguintes medidas de reforzo:

- Atención personalizada.
- Exercicios máis sinxelos.
- Variación e flexibilidade das agrupacións dos alumnos/as.
- Ampliación do tempo para a realizar as actividades.

Se as dificultades son de tipo psico-físicas, o profesorado do módulo xunto co xefe do departamento, e en colaboración co departamento de orientación do centro, tomarán as medidas oportunas para poder acadar os obxectivos mínimos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Á vista dos informes procedentes do ano educativo anterior (informe individualizado), do resultado da avaliación final do ano académico anterior, dos datos recollidos día a día para a elaboración do informe de avaliación individualizado de cada alumno e dos resultados da avaliación inicial, valorarase a necesidade ou non de aplicar medidas de reforzo e grao de concreción das mesmas.

Se se detectasen dificultades de tipo académico adoptaranse, entre outras, as seguintes medidas de reforzo:

- Atención personalizada.
- Exercicios máis sinxelos.
- Variación e flexibilidade das agrupacións dos alumnos/as.

- Ampliación do tempo para a realizar as actividades.

Se as dificultades son de tipo psico-físicas, o profesorado do módulo xunto co xefe do departamento, e en colaboración co departamento de orientación do centro, tomarán as medidas oportunas para poder acadar os obxetivos mínimos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais que teñen máis presenza no módulo son:

- Educación para a saúde: Intentarase concienciar ao alumnado da importancia que teñen unha boas condicións de seguridade e hixiene no seu entorno laboral. Ademais de transmitirle que a saúde é un dereito fundamental do traballador e unha obriga para o empresario.
- Educación medioambiental: É fundamental concienciar ao alumnado de que tanto o traballador coma o empresario deben ter unha actitude responsable polo entorno medioambiental co cal interactúan na súa actividade laboral. Especialmente co uso indiscriminado de materiais, aceites, embalaxes, etc.
- Educación para o consumo: Tratarase de que o alumnado tome conciencia dos problemas que se derivan do consumismo e como poden combatilo.
- Educación para a paz: Concienciar ao alumnado de que deben ter unha actitude de calma e reflexiva á hora de enfrontarse a situacións conflitivas. Ademais deben tomar decisións desde unha óptica tolerante e sempre amosando un profundo rechazo polas actitudes violentas.
- Educación para a igualdade: Por unha parte concienciarase ao alumnado de que a igualdade é un dereito recollido na Constitución española e posteriormente no Estatuto de Traballadores(ET). Pola outra parte, tamén se concienciará ao alumnado de que tanto as mulleres coma os homes poden desempeñar os mesmos postos de traballo e que ningún traballador ou traballadora pode ser discriminado por razón de sexo, raza, estado civil, etc.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dende o departamento, programaránse actividades extraescolares que aporten coñecementos complementarios.

Estas actividades poderían ser entre outras:

- Curso primeiros auxilios
- Visitas varias.